

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE SETEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:35 horas do día 19 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 4)  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez (asiste aos puntos 2, 4 e 10)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8 e 9)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)**

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 4-09-2018, para a contratación por procedemento aberto da "POLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 31477-220" que rematou o día 17 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:*

1. AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
2. GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS
3. SVRNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
4. VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL

*O día 18/9/18 a empresa MAFRE VIDA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS registra pola web do Concello de Vigo o documento 180150554 de presentación de oferta; non constándonos que enviase ningún fax anunciando de que tivese un erro para enviar a oferta pola plataforma de contratación".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:02	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-CDDA38-3ED18B-GYUV8H-JNCKL3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria comunica aos membros da Mesa que MAFRE VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS enviou un correo electrónico o último día do prazo ás 18:46 horas ao Servizo de Contratación onde indicaba *"Adjuntamos documento justificativo de la presentación telemática del concurso de referencia, habida cuenta del error informático en la descarga de PLYCA EMPRESAS y conforme se especifica en el Pliego de Prescripciones Técnicas y Administrativas. Acompañamos también por esta vía la documentación enviada por el Registro Electrónico"*.

No citado correo a empresa non achegaba o contido da súa oferta, o que si fixo a través do Rexistro Xeral o último día do prazo ás 18:40 horas, onde presentou tanto o DEUC como a súa oferta económica, ambos documentos sen encriptar.

A continuación, a secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
  2. GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS
  3. SVRNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
  4. VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL
  
- b) Non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes licitadores:
  1. MAFRE VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado a súa oferta sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

O artigo 139.2 da LCSP establece que *"as proposicións serán segredas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación"*. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque o licitador achegou a través do Rexistro Xeral a súa oferta sen encriptar.

Por outra banda, se ben o PCAP prevé na cláusula 13.5 do PCAP que "a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:02	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-CDDA38-3ED18B-GYUV8H-JNCKL3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo" na ligazón indicada e "de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16a e 17a", tamén contempla na cláusula 14 outro suposto de presentación de ofertas cando concorran razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, que impidisen a entrega da proposición mediante a canle electrónica.

A presentación das proposicións a través de calquera dos dous medios previstos no PCAP garante o segredo das proposicións esixido legalmente, non así a presentación de documentos non encriptados.

- AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, por non ter presentado a documentación esixida na cláusula 14.2 do PCAP para o Sobre A (Documento Europeo Único de Contratación – DEUC).

De acordo coa cláusula 15 do PCAP "A documentación persoal e a proposición económica presentaranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación". O licitador non presentou a documentación persoal no Sobre A, tal e como esixe o PCAP, senón que incluíu neste sobre a alta de usuario na plataforma de licitación electrónica, documento que nada ten que ver co contido esixido.

Ante a ausencia da documentación esixida, sendo preceptiva a súa aportación nun prazo determinado, non procede conceder un novo prazo para a súa presentación en base ao principio de igualdade de trato.

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSON
Prima	104.141,54 €	108.175,00 €	106.484,71 €
Participación en beneficios de ..... (%).	60%	95%	95%
Subministro de cadeira de rodas en caso de Incapacidade Permanente Absoluta: (si/non).	si	si	si



	GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSON
Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de Invalidez Absoluta por calquera causa ata 3.000 euros: ..... (si/non).	si	si	si
Reembolso de gastos por prótese en caso de Invalidez Permanente Absoluta ata 3.000 euros: ..... (si/non)	si	si	si
Falecemento por calquera causa: .. euros.	non	si	si
Falecemento por accidente: .. euros	non	si	si
Falecemento por accidente de circulación: ... euros.	non	si	si
Invalidez permanente absoluta ou grande invalidez por calquera causa: ..... euros.	non	si	si
Declara que esta dado de alta no rexistro administrativo correspondente co número .....	si (C0072)	si (M-378)	si (C-611)

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Susana Pérez Rial, con DNI 36.124.947-C, en representación de BVC Artai Correduría de Seguros, S.A.

A continuación, a Mesa de Contratación procede, na mesma sesión, á valoración das ofertas económicas conforme ao previsto na cláusula 16 do PCAP, co seguinte resultado:

LICITADORES	Importe prima anual (€)	Participación en Beneficios	Melloras			Incremento dos capitais asegurados				TOTAL	
	Oferta prima		Suministro de cadeira de rodas en caso de Incapacidade Permanente Absoluta	Adaptación do domicilio ou vehículo do asegurado en caso de invalidez Absoluta por calquera causa	Reembolso de gastos por prótese en caso de Invalidez Permanente Absoluta	Falecemento por calquera causa:	Falecemento por accidente	Falecemento por accidente de circulación	Invalidez Permanente Absoluta por calquera causa/Invalidez Permanente Absoluta por calquera causa		
	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max	Puntos max		
GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	50,00	3,00	5,00	5,00	5,00	0,00	0,00	0,00	0	0,00	68,00
SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	48,14	15,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5	5,00	98,14
VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSON	48,90	15,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5	5,00	98,90



En base ao resultado anterior, a clasificación das ofertas por orde descendente é a seguinte:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSON	98,90
2	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	98,14
3	GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	68,00

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) (informe sobre B)**

Retírase este asunto da orde do día.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)**

Retírase este asunto da orde do día.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220)**

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación de non admisión neste procedemento dos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:

1. MAFRE VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS: por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións
2. AXA AURORA VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, por non ter presentado a documentación esixida na cláusula 14.2 do PCAP para o Sobre A

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:02	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-CDDA38-3ED18B-GYUV8H-JNCKL3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

seguro de vida e accidentes para os empregados/as públicos e cargos electos locais ao servizo do Concello de Vigo (31.477-220) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL	98,90
2	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	98,14
3	GENERALI ESPAÑA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	68,00

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIDA-CAIXA SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS SOCIEDAD UNIPERSONAL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:02	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-CDDA38-3ED18B-GYUV8H-JNCKL3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		